

A Xaneliña



CEIP. de Chans-Bembrive Nº 20 Decembro 2018

Equipo da Biblioteca
Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Os nenos camiñan
e xogan e brincan
na rúa calada
que cobren de risas.

E inventan trouleiros
palabras de neve
que borran as penas
que a terra non quere.

Cantigas e risas
veñen anunciar
que peta na porta
a luz do Nadal.

Un Nadal que amose
como vai a vida.
Un Nadal que cure
con paz as feridas.

Un Nadal que abrigue.
Un Nadal Turrón!
Un Nadal que acougue
Un Nadal Canción!

Antonio G. Teijeiro



Bibliotecas
escolares
de Galicia





Para os máis pequenos...




Iago e Uxía, da editorial Edelvives, fan as delicias dos máis pequenos con historias e aventuras da vida cotiá.



Para os pequenos...




Porque te quero moito. Hércules Editorial. A avoa e Ibi van xuntas á cidade. Ibi ve o mundo entero e a avoa... só ve a Ibi. Un emotivo álbum ilustrado sobre o vencello entre unha avoa e a súa neta.



Nube Branca quiere ser astronauta. Baía Ed. Nube Branca debece por ver as estrelas de preto e coñecer a Lúa e os planetas do sistema solar. Tras o fracaso da construción dun foguete espacial, procura a axuda de Clarisa, Cacharrante, Antón e o sabio Octavio. Conseguirá, por fin, ser astronauta?



Os esqueletos divertidos. Kalandraka. Tres simpáticos esqueletos saen unha noite a pasear e a asustar xente. Xogos e cancións nunha lectura terrorificamente divertida.




O Grúfalo. Ed. Patas de peixe. Acompaña a este rato tan listo no seu paseo polo bosque e descobre que pasa cando se atopa cara a cara cun bufo, una serpe e un grúfalo morto de fame...

Para os que non son tan pequenos...



Pippi mediaslongas. Kalandraka. Un clásico universal e imprescindible, por fin en galego para gozar das aventuras e extravagancias dunha nena rebelde, simpática e extrovertida


Moritña. Hércules Editorial. Moritña é una nena, pero non é como as demais: é unah nena zombi. Vive en Vila Decadente coa súa tía Defuntiña e o seu inseparable Tristeiro, un can que non se sabe se está vivo ou morto




Marcopola 4. Avoa Power. Ed. Xerais. O temible ladrón Blake the Tiger anda facendo das súas na Costa das Patacas. Alí chegan Marcopola, Libro e Dragoneta para axudar a Seara, a avoa de Libro, a resolver a desfeita.

Para os maiores...



A marabillosa medicina de George. Ed. Xerais. A avoa de George ten unhas cousas un pouco raras. A verdade é que non é unha persoa moi agradable. Cre que as eirugas e as lesmas son deliciosas e o que máis lle gusta son os escaravellos ben renxentes. Nada do que fai George está ben feito a ollos da avoa, de xeito que cando é hora de que ela tome a súa medicina, George decide darlle unha dose da que ele mesmo preparou...



A balada dos unicornios. Ed. Xerais. A Escola de Artefactos e Oficios acolle os mozos e mozas máis brillantes. Son capaces de crear casas motorizadas, sombreiros voadores e outras proezas abraiantes. Ágata McLeod é unha das mellores alumnas, pero hai moitas cousas que descoñece da institución... e do seu pasado.



Libros
para
todos
e todas.



Algo de música...

Tic, tac, toc. Pablo Díaz. Galaxia Editorial. Coma nos seus traballos anteriores este novo proxecto aúna ritmos e sentires de moitas latitudes do mundo. Pablo Díaz dá un paso máis alá na procura de melodías engaiolantes, máis aínda, ca nunca.

En galego, moito mellor



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA — EQUIPO DA BIBLIOTECA
CEIP. de CHANS-BEMBRIVE